



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA) E O GRUPO INDITEX PARA A REALIZACIÓN DUNHA DOAZÓN PARA A ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA A RESIDENCIA DE MAIORES TORRENTE BALLESTER DA CORUÑA E A RESIDENCIA ASISTIDA DE MAIORES DE OLEIROS

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA) é unha entidade constituída pola Xunta de Galicia, do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que ten afectado de xeito duradeiro o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se recollen no artigo 6 dos seus estatutos. Poderíamos resumir tales fins de interese xeral na protección xurídica e social das persoas maiores de idade e en situación de desamparo que teñan a súa capacidade de obrar modificada ou que se atopen incursas nun proceso xudicial de modificación da súa capacidade de obrar, a través do exercicio da tutela, curadoría, defensa xudicial ou administración de bens.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con Industria de Diseño Textil, S.A. (INDITEX, S.A.) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata a materialización efectiva da axuda económica, cunha duración máxima de catro anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser obxecto de prórroga por outro prazo similar ou inferior.

O convenio ten por obxecto a regulación da doazón que INDITEX realiza á FUNGA para a adquisición de diverso material para a atención dos/as usuarios/as da Residencia de Maiores Torrente Ballester da Coruña e da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

INDITEX celebrou en decembro de 2020 un sorteo de carácter benéfico entre os seus empregados, denominado “Love Together”. A cantidade recadada por INDITEX no marco do referido sorteo, tanto polas cantidades recadadas coma polas doazóns complementarias de INDITEX, é adicada á atención de persoas maiores na área da






Coruña. No caso do sorteo celebrado en decembro do ano 2020, INDITEX decidiu adicar os seus resultados (cuxo importe ascende a 153.340,00 €) a realizar unha doazón á FUNGA co obxecto de que esta adquira determinado material coa finalidade de adicalo á Residencia de Maiores Torrente Ballester da Coruña e á Residencia Asistida de Maiores de Oleiros, das cales son usuarias varias persoas tuteladas pola FUNGA.


Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 15 de xuño de 2021.

O director xerente da FUNGA


Juan José Couce Prego


FUNGA
Juan José Couce Prego
Director Xerente

